

Nome e curso:

## Comentario de textos: Os Reinos Cristiáns na Baixa Idade Media

Le atentamente os seguintes textos nos que se describen distintas situacións vividas na Baixa Idade Media peninsular (son 3 en total, de cada un está primeiro o texto orixinal e abaixo unha adaptación, convén que leas ambos). A continuación, reflexiona sobre o contido, relaciónao co visto na clase e responde ás preguntas.

### TEXTO 1

[...] fue en toda la tierra muy grand fambre; é los omes moriense por las plazas é por las calles de fambre, e fue tan grande la mortandad en la gente, que bien cuidaran que muriera el cuarto de toda la gente de la tierra; e tan grande era la fambre, que comían los omes pan de grama..." (Crónica de [Fernando IV](#)).

[...] houbo en toda a terra unha grande fame; e os homes morrían polas prazas e polas rúas de fame, e foi tan grande a mortaldade entre a xente que ben pensaban que morrería a cuarta parte de toda a xente da terra; e tan grande era a fame que os homes comían pan de herba...

**1. Que situación se describe no texto?**

**2. Como se relaciona coa crise do século XIV?**

## TEXTO 2

*Algunos ricos hombres y caballeros de nuestros reinos toman algunas ciudades y villas y lugares de nuestros reinos y los hacen suyos, y también hacen nuevamente suyas muchas casas en perjuicio de los vecinos de dichos lugares (...). Algunos poderosos ponen tributos nuevamente en algunos lugares donde nunca los hubiera, portazgos, rondas y otros tributos desfavorables (...).*

*Algunos de dichos ricos hombres despueblan los dichos lugares que les habían sido dados, aumentando los pechos (impuestos) de tal manera que los campesinos marchan, los campos se despueblan y se yerman los lugares (...). También hacen muchos agravios y sinrazones a sus habitantes, tomándoles mucho de lo suyo y pidiéndoles dinero, y pan, y vino, y otras cosas y tomándoles los oficios que tienen por sus fueros y privilegios (...).*

*Pedimos que dichas ciudades y lugares, que fueron siempre de vuestra Corona Real antes de que el rey Don Enrique vuestro padre los entregase a algunos señores y caballeros, vuelvan a vuestras manos.*

*Peticiones del estamento popular en las Cortes de Burgos (1373)*

Algúns ricos homes e cabaleiros dos nosos reinos toman algunhas cidades, vilas e lugares dos nosos reinos e fanos seus, e tamén fan novamente súas moitas casas, prexudicando aos veciños deses lugares.

Algúns poderosos poñen novos tributos nalgúns lugares onde nunca os houbera, como portaxes, rondas e outros impostos desfavorables.

Algúns destes ricos homes despoboan os lugares que lles foran dados, aumentando os impostos de tal maneira que os campesiños marchan, os campos quedan baleiros e os lugares quedan abandonados.

Tamén fan moitos agravios e inxustizas aos seus habitantes, colléndolles moito do que é seu e pedíndolles diñeiro, pan, viño e outras cousas, e quitándolles os oficios que teñen polos seus foros e privilexios.

Pedimos que esas cidades e lugares, que sempre foron da vosa Coroa Real antes de que o rei Don Enrique, voso pai, os entregase a algúns señores e cabaleiros, volvan ás vosas mans.

*Peticións do estamento popular nas Cortes de Burgos (1373)*

**1. De que trata este texto? Que se está a denunciar? Quen o fai e onde? (Para responder a esta pregunta fixédevos na descrición ó final do texto).**

**2. En que consisten os abusos señoriais descritos no texto? Como podemos relacionalos coa situación de fame e crise de mortalidade narrada no primeiro texto?**

**3. Que relación teñen estes abusos señoriais co aumento da conflictividade social na Baixa Idade Media? Poderías poñer algún exemplo?**

### TEXTO 3

Los judíos de la corte del rey que eran allí venidos (...) e dixéronles que avían avido cartas del aljama de la cibdad de Sevilla, cómo un *arcediano de Écija* en la iglesia de Sevilla, que decían don Ferrand Martínez, predicaba por plaza contra los judíos, e que todo el pueblo estaba movido para ser contra ellos.

(...)

vino el Rey a la cibdad de Segovia; e estando allí, ovo nuevas cómo el pueblo de la ciudad de Sevilla avia robado la Judería, e que eran tornados christianos los más judios que y eran, e muchos de ellos muertos. E que luego que estas nuevas sopieron en Córdoba, e en Toledo, hicieron eso mesmo, é así en otros muchos logares del Regno.

E sabido por el Rey cómo los judios de Sevilla e de Córdoba e de Toledo eran destroidos, como quier que enviaba sus cartas e ballesteros a otros logares por los defender, en tal manera era el fecho encendido, que non cedieron ninguna cosa por ello; antes de cada dia se avivaba mas este fecho: é de tal manera acaesció, que eso mismo hicieron en Aragón, e en las cibdades de Valencia, e de Barcelona, e de Lérida, e otros logares.

E todo esto fue cobdicia de robar, segund paresció, más que devoción. E el comienzo de todo este fecho e daño de los judíos vino por la predicación e inducimiento que el arcediano de Écija, que estaba en Sevilla, ficiera; ca antes que el rey don Juan finase avía comenzado a predicar contra los judios; e las gentes de los pueblos, lo uno por tales predicaciones, lo ál por voluntad de robar, otrosí non aviendo miedo al rey por la edad pequeña que avía, e por la discordia que era entre los Señores del Regno por la quistión del testamento, e del Consejo, ca non presciaban cartas del Rey, nin mandamientos suyos las cibdades nin villas nin caballeros; por ende acóntesció este mal segund avemos contado.

*Crónica de Pedro López de Ayala*

Os xudeus da corte do rei que estaban alí contaron que recibiron cartas da **aljama** da cidade de Sevilla, nas que dicían que un arcediago da igrexa de Sevilla, chamado don Ferrán Martínez, predicaba na praza contra os xudeus e que todo o pobo estaba movido para ir contra eles.

Cando o rei chegou á cidade de Segovia, soubo que en Sevilla o pobo roubara a **xudería**, que a maioría dos xudeus que alí había foran convertidos ao cristianismo á forza e que moitos deles foran mortos. En canto estas novas chegaron a Córdoba e a Toledo, fixeron o mesmo, e así en moitos outros lugares do reino.

O rei, ao saber que os xudeus de Sevilla, Córdoba e Toledo estaban sendo destruídos, enviou cartas e ballesteros a outros lugares para defendelos. Pero a situación xa estaba tan encendida que non serviu de nada. Ao contrario, cada día empeoraba máis. Isto tamén aconteceu en Aragón e nas cidades de Valencia, Barcelona, Lérida e noutros lugares.

E todo isto foi por **cobiza de roubar**, segundo pareceu, máis que por devoción. E o comezo de todo este feito e do dano causado aos xudeus veu da predicación e do incitamento que fixera o arcediago de Écija, que estaba en Sevilla; pois antes de que o rei don Xoán falecese xa comezara a predicar contra os xudeus.

As xentes dos pobos actuaron, por unha parte, por esas predicacións e, por outra, por vontade de roubar. Ademais, non tiñan medo ao rei pola súa pouca idade e pola discordia que había entre os señores do reino pola cuestión do testamento e do Consello, xa que nin as cidades nin as vilas nin os cabaleiros facían caso das cartas nin das ordes do rei.

Por iso aconteceu este mal, segundo contamos.

*(Crónica de Pedro López de Ayala)*

**1. Que se está a relatar neste texto?**

**2. Quen era Ferrán Martínez? Que influencia tivo nos ataques contra as xudarías?**

**3. Cales son as causas, segundo o texto, de estes ataques? Poderías sinalar algunha outra motivación? Como se relacionan co contexto de crise da época?**